

INSTRUCCIÓN DA XERENCIA DO 20 DE DECEMBRO DE 2018 SOBRE O RÉXIME RETRIBUTIVO NA SITUACIÓN DE INCAPACIDADE TEMPORAL DO PERSOAL AO SERVIZO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

O Real decreto-lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade (BOE núm. 168, do 14 de xullo de 2012), regulou no seu artigo 9 os complementos retributivos que os traballadores e traballadoras poderían percibir na situación de incapacidade temporal.

A Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018 (BOE núm. 161 do 4 de xullo), na súa disposición adicional quincuaxésima cuarta, establece a posibilidade de que cada Administración pública regule o seu propio réxime retributivo para o persoal na situación de incapacidade temporal.

Disposición adicional quincuaxésimo cuarta. Prestación económica na situación de incapacidade temporal do persoal ao servizo das administracións públicas e organismos e entidades públicas dependentes delas.

Un. Cada Administración pública poderá determinar, logo de negociación colectiva, as retribucións que percibirá o persoal ao seu servizo ou ao dos organismos e entidades públicas dependentes, en situación de incapacidade temporal e no caso do persoal funcionario ao cal se lle expedise licenza por enfermidade, de acordo coas seguintes regras:

1.^a Respecto ao persoal funcionario incluído no réxime xeral da Seguridade Social e ao persoal estatutario e laboral, poderase establecer un complemento retributivo desde o primeiro día de incapacidade temporal que, sumado á prestación do réxime xeral da Seguridade Social, alcance ata un máximo do cento por cento das súas retribucións fixas do mes de inicio da incapacidade temporal.

2.^a Respecto ao persoal funcionario incluído no réxime de mutualismo administrativo, de acordo co réxime retributivo establecido na súa normativa, ademais do subsidio de incapacidade temporal, cada Administración pública poderá acordar, logo de negociación colectiva, para o período de tempo que non comprenda a aplicación do subsidio de incapacidade temporal, a percepción de ata o cen por cento das retribucións, básicas e complementarias, correspondentes ás súas retribucións fixas do mes de inicio da incapacidade temporal. Durante a percepción do subsidio por incapacidade temporal, este poderá ser complementado polo órgano encargado da xestión de persoal, logo de negociación colectiva, ata alcanzar como máximo o cen por cento das retribucións que o funcionario percibise o mes de inicio da incapacidade temporal.

Para o período de tempo en que xa se aplique o subsidio por incapacidade temporal,



observarase o previsto na súa actual normativa reguladora.

Dous. Para a determinación do previsto nos puntos anteriores poderán, de ser o caso, establecerse diferentes escenarios retributivos en función do tipo de continxencia que dese lugar á incapacidade temporal ou á duración desta, sen que en ningún caso o réxime da Seguridade Social de pertenza poida xustificar un trato máis prexudicial para un ou outro colectivo, computando para iso tanto as prestacións ou subsidios a que se teña dereito como as retribucións que aboe a Administración respectiva, para o cal a dita Administración deberá aprobar, de acordo co previsto no punto anterior, o aboamento dunhas retribucións que permitan garantir esta equivalencia de percepcións.

Os supostos de incapacidade temporal derivados de continxencias profesionais, así como os que afecten a muller xestante, deberán ter necesariamente o trato máis favorable dos acordados pola Administración respectiva.

Tres. As distintas administracións públicas deberán regular a forma de xustificación das ausencias por causa de enfermidade ou que dean lugar a unha incapacidade temporal, mediante a exixencia do correspondente parte de baixa ou documentación acreditativa, segundo proceda, desde o primeiro día de ausencia.

Catro. Cada Administración pública deseñará un plan de control do absentismo, que deberá ser obxecto de difusión pública, a través do respectivo portal de transparencia. No dito portal serán igualmente obxecto de publicación os datos de absentismo, clasificados pola súa causa, cunha periodicidade ao menos semestral.

Cinco. O previsto nesta disposición resulta de aplicación ao persoal da carreira xudicial e fiscal, do corpo de letrados da Administración de xustiza, aos funcionarios dos corpos ao servizo da Administración de xustiza e ao persoal dos órganos constitucionais.

Seis. No caso da Administración do Estado, a regulación a que se refiren os puntos un e dous desta disposición aprobarase por decreto do Consello de Ministros.

Sete. Esta disposición ten carácter básico e dítase ao abeiro dos artigos 149.1.7.^a, 149.1.13.^a e 149.1.18.^a da Constitución.

En función do descrito, a Universidade da Coruña, concluído o proceso negociador coa Xunta de Persoal do PAS da UDC, aplicará o contido da normativa referida, adoptando as seguintes medidas:

PRIMEIRA: PERSOAL INCLUÍDO NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL

A Universidade da Coruña complementará, durante todo o período de duración da incapacidade

temporal (365 días), incluída a súa prórroga (180 días), a todo o seu persoal, funcionario, laboral e persoal laboral de proxectos e convenios, a prestación por incapacidade temporal que corresponda no réxime xeral da Seguridade Social, ata alcanzar o cento por cento das súas retribucións (tendo en conta o disposto na Resolución xerencial do 29 de marzo de 2006), referenciadas no mes de inicio da incapacidade temporal (IT).

SEGUNDA: PERSOAL ENCADRADO NOS RÉXIMES ESPECIAIS DE SEGURIDADE SOCIAL DO MUTUALISMO ADMINISTRATIVO

Establécese para todo o persoal funcionario incluído no réxime de mutualismo administrativo (MUFACE) ao servizo da Universidade da Coruña, en situación de incapacidade temporal ao que se lle expedise a correspondente licenza, que as retribucións que percibirá durante o período que non comprenda a aplicación do subsidio por incapacidade temporal previsto no dito Réxime, serán do cento por cento das retribucións, básicas e complementarias, correspondentes ás retribucións ordinarias do mes de inicio da incapacidade temporal; para o período de tempo no que xa se aplique o subsidio por incapacidade temporal contemplado no réxime de mutualismo administrativo estarase ao previsto na súa actual normativa reguladora.

TERCEIRA: EFECTIVIDADE DA INSTRUCIÓN

Considerando o carácter non sancionador e favorable aos dereitos do persoal afectado por estas medidas, implántanse os efectos desta instrución, para todas as situacións de incapacidade temporal acaecidas desde o 1 de setembro de 2018.

CUARTA: DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Quedan derogadas todas aquelas normas de igual ou inferior rango que contraveñan o establecido nesta e, expresamente: a Instrución do 6/2012 da Xerencia sobre a aplicación do previsto no artigo 9 do Real decreto-lei 20/2012 do 13 de xullo, en materia de prestación económica na situación de incapacidade temporal.

A Coruña, 20 de decembro de 2018

O xerente

Ramón del Valle López